



BIBLIODIVERSIDADE

GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CÉXEF

Centro de estudos
de xénero e feminismo
Universidade da Coruña

Bibliodiversidade

Centro de Estudos de Xénero e Feministas - CEXeF
(ed.)

Ana M. Amigo-Ventureira, Renée DePalma e
Almudena Varela Suárez

A Coruña, 2022
Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

Num. de páxinas: 85

Índice: p. 3

ISBN:

Depósito legal: C 552_2022

URL permanente: <https://doi.org/10.17979/spudc.000001>

© da edición, Universidade da Coruña

© dos textos, os autores e autoras



Esta obra publícase baixo unha licenza Creative Commons
Atribución-NonComercial-CompartirIgual 4.0
(CC BY-NC-SA 4.0)

Índice

Introducción.....	5
Educación infantil.....	11
O año que é un porquiño	11
Sirenas.....	14
Ni guau ni miau.....	16
Vivan as unllas de cores!	19
Rojo: Historia de una cera de colores	22
Monstro rosa	25
Educación primaria (1º ciclo).....	28
Me llamo pecas.....	28
Titiritesa.....	31
Aquí vivía yo.....	34
A pita xefa.....	37
Oliver Button é unha nena	40
Mi papá es un payaso/My dad is a clown	43
Educación primaria (2º ciclo).....	46
Daniela e as mozas piratas	46
Leñadoras: Cuidado con el gatete sagrado.....	49
En el país perfecto.....	52
La sociedad de los dragones del té.....	55
Educación primaria (3º ciclo).....	58
Mamá, quero ser Ziggy Stardust	58
La hija del huracán.....	62
Consellos a ter en conta na selección de materiais	66
Recursos adicionales.....	70

Introducción

O proxecto Bibliodiversidade. As bibliotecas como axentes para educar na diversidade afectivo-sexual nace do CEXeF, o Centro de Estudos de Xénero e Feministas da Universidade da Coruña. En gran parte inspirado polas iniciativas das bibliotecas municipais da cidade, a prol da oferta e divulgación de material que representa a diversidade afectiva-sexual, este proxecto ten o obxectivo principal de promover o uso destes recursos como ferramenta didáctica nas aulas. Pensamos que a maneira máis eficaz de facelo era formar un espazo de traballo común no que participasen tres tipos de actores sociais, especialistas con perspectivas e experiencias complementarias: profesorado, activistas de colectivos LGBTIQ¹, e persoal de bibliotecas.

Porque establecer colaboracións entre bibliotecas, activismo LGBTIQ+ e aulas escolares?

Un dos retos aos que teñen que facer fronte as sociedades contemporaneas é o fomento dunha cidadanía crítica, consciente, respectuosa coas diversidades. Ante a visibilidade da heteroxeneidade propia destas sociedades prodúcese unha reacción antagónica contra determinados colectivos “minoritarios”, que ten proxección no discurso do odio. Neste contexto os centros educativos teñen a responsabilidade de formar alumnado responsable e respectuosa en relación coa diversidade humana. Con este fin socio-educativo, algunhas liñas de activismo pretenden deseñar campañas de sensibilización nas aulas sobre certas identidades e experiencias que foron histórica e sistematicamente

¹ Estas siglas representan persoas que se identifican como lesbiana, gai/homosexual, bisexual, trans*, intersex ou queer/cuir, ou de outras maneiras que non encaixan na cis-heteronormatividade. Para saber máis sobre estes colectivos e as súas historias, experiencias e demandas, ver o apartado Algunhas Organizacións a Ter en Conta, na páxina 84

excluídas dos espazos educativos, entre elas as pertencentes ao colectivo LGBTIQ+.

Son diversas as organizacións activistas do territorio que contan entre as súas liñas estratéxicas coa loita contra a LGBTIfobia no ámbito educativo. Porén, estes materiais e propostas didácticas recomendadas non se poderán levar a cabo de maneira efectiva se non hai colaboración entre profesorado e activistas con experiencia e coñecemento específico sobre o tema. A incorporación de literatura infantil e xuvenil (en adiante LIX) no currículo académico é unha ferramenta especialmente poderosa para este propósito, xa que ofrece ao alumando acceso a experiencias diversas e promover empatía a pesar das diferenzas. Neste senso, as bibliotecas poden ser unha fonte rica de materiais educativos. Polo tanto, unir estes tres eixes fundamentais: o activismo, as bibliotecas, e o profesorado, resultará en propostas educativas que teñan un impacto real no currículo escolar.

Así, a proposta que se presenta busca explorar as posibilidades que oferta a LIX como recurso educativo para retar e resistir pensamentos cis-heterosexistas que poden resultar en actitudes e accións discriminatorias e incluso violentas. Partimos da premisa de que unha boa educación sobre a diversidade afectivo-sexual, en idades temperás e na adolescencia, pode fomentar unha sociedade máis xusta e igualitaria, no curto prazo en relacións sociais infantís, máis tamén nas sociedades formadas por futuras persoas adultas.

Este proxecto-acción está inspirado en dous eixos fundamentais:

- 1) antecedentes internacionais con respecto ao uso de LIX como ferramenta educativa, sobre todo relacionada coa diversidade afectivo-sexual, e
- 2) a existencia dunha iniciativa da rede de bibliotecas municipais que se centra en impulsar a presenza de materiais desta temática (vela campaña [As municipais entenden](#)).

Pretendemos apoiar e estender esta iniciativa, por medio da exploración das posibilidades para incorporar estes materiais nas aulas educativas.

A que marco lexislativo responde este traballo?

Son diversos os documentos internacionais de carácter xurídico nos que podemos atopar claridade e consenso sobre a necesidade de protexer, de forma específica, os dereitos humanos de persoas LGBTIQ+:

En 2006, en resposta a “patróns ben documentados de abusos dirixidos en contra das persoas pola súa orientación sexual e identidade de xénero”, un grupo de especialistas en dereitos humanos reúnen en Indonesia, para publicar os [*Principios de Yogyakarta*](#). Este documento establece que “toda persoa ten dereito á educación, sen discriminación algunha baseada na súa orientación sexual e identidade de xénero, e co debido respecto cara a estas”.

En 2011, O Consello de Dereitos Humanos da ONU aproba a [*Resolución 17/19. Dereitos humanos, orientación sexual e identidade de xénero*](#), na que se recomenda “documentar as leis e prácticas discriminatorias e os actos de violencia cometidos contra persoas pola súa orientación sexual e identidade de xénero, en todas as rexións do mundo, e a forma en que a normativa internacional de dereitos humanos pode aplicarse para poñer fin á violencia e ás violacións conexas dos dereitos humanos motivadas pola orientación sexual e a identidade de xénero”

En 2013, O Consello de Europa edita os “[*Directrices para promover e protexer o goce de todos os dereitos humanos por parte das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transxénero e intersexuais*](#)”. Recomenda unha serie de intervencións en varios ámbitos, entre elas “promover a visibilidade das organizacións locais que promoven os dereitos humanos das persoas LGBTI”.

En 2014, o Parlamento Europeo aproba unha [*folla de ruta*](#) para acabar coa discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero ou sexual. Marca as liñas reitoras que deben respectar as lexislacións nacionais. No seu apartado D. Non discriminación no ámbito educativo, establece que “A Comisión debe promover a igualdade e a non discriminación por motivos de orientación sexual e identidade de xénero en todos os seus programas destinados á mocidade e á educación [e] facilitar o intercambio de boas prácticas en materia de educación formal, incluídos os materiais didácticos e as políticas de loita contra o acoso moral e a discriminación”.

No marco nacional, os colectivos LGBTIQ+ están recoñecidas por leis que aseguran a equidade con respecto os seus dereitos básicos e outras medidas que pretenden garantir unha educación en igualdade:

A [Lei 13/2005](#), do 1 de xullo, pola que se modifica o Código Civil en materia de dereito a contraer matrimonio, establece que o matrimonio terá os mesmos requisitos e efectos cando as persoas contraentes sexan do mesmo ou de diferente sexo.

A [Lei 2/2021](#), do 7 de xuño, de igualdade social e non discriminación por razón de identidade de xénero, expresión de xénero e características sexuais, supón un paso adiante con respecto á anterior, por permitir cambios de nome e sexo no rexistro sen necesidade de informes médicos. Con isto, España convértese no décimo sexto país do mundo que permite a autodeterminación de xénero.

A Lei educativa vixente, a [LOMLOE](#), considera fundamental para fomentar a igualdade que “Os centros educativos deberán necesariamente incluír e xustificar no seu proxecto educativo as medidas que desenvolven para favorecer e formar en igualdade en todas as etapas educativas, incluíndo a educación para a eliminación da violencia de xénero, o respecto polas identidades, culturas, sexualidades e a súa diversidade, e a participación activa para facer realidade a igualdade”.

En Galicia, existen lexislación xeral que se debe aplicar no ámbito escolar, e tamén política educativa específica:

A [Lei 2/2014](#), do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, avoga de forma contundente a inclusión curricular, máis a colaboración co activismo. No seu artigo 22, esixe que “A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei”. Consta ter en conta que esta lei establece a obrigatoriedade de formar o persoal docente (artigo 24), implicar das ANPA (artigo 25) e promover “a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero” (artigo 26).

Como na maioría das outras Comunidades Autónomas, Galicia conta cun [*Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero*](#). Publicado en 2016, propón medidas aos centros educativos para facilitar o seu cumprimento coa Lei 2/2014.

Con este marco legislativo e político, queda claro que a inclusión curricular da diversidade humana, en particular a relacionada coas disidencias sexuais, forma parte do noso deber docente.

Que fixemos?

Este proxecto levouse a cabo durante Setembro-Decembro de 2021.

Seleccionamos 18 libros para revisar e suxerir posibilidades orientadas a súa incorporación en propostas didácticas. Estes libros corresponden ás etapas educativas dende segundo ciclo de Educación Infantil ata o terceiro ciclo de Educación Primaria.

Organizamos 8 mesas de traballo para analizar estes libros e xerar ideas sobre o seu uso nas aulas. A cada unha destas mesas, coordinadas por Ana-María Amigo Ventureira e Almudena Varela Suárez, convidamos a participar unha persoa representante do profesorado, o activismo e as bibliotecas municipais, co obxectivo de intercambiar ideas enraizadas nestes tres ámbitos de experiencia. Todas leváronse a cabo na biblioteca municipal da Ágora durante o mes de outubro, e os libros distribuíronse por etapas. Así organizáronse dúas mesas con tres libros das etapas de Infantil e 1º ciclo de Primaria, dúas mesas con dous libros para 2º ciclo de Primaria, e dúas mesas cun libro para 3º ciclo de Primaria.

Gravamos estes debates e tomamos notas extensivas, para logo elaborar esta Guía de Boas Prácticas. Así podemos non só recomendar e describir unha serie de libros que abordan a diversidade afectivo sexual e a ruptura de estereotipos de xénero para idades varias, senón tamén ofrecer algunhas ideas para incorporar estes materiais na práctica educativa. Polo tanto, para cada libro, elaborouse unha breve descrición, puntos positivos e aspectos que se debería cuestionar ou quizais compensar con accións pedagóxicas, apuntamentos para traballar na aula, outros materiais para acompañar o libro e posibles actividades. Ao final de todo, incluimos algúns consellos a ter en conta na selección de materiais, e proporcionamos recursos adicionais variados

Quen somos?

O proxecto foi coordinado por Ana M. Amigo-Ventureira, doutorada en Ciencias da Educación e especialista en Pedagogía Queer, que organizou ás mesas de traballo en colaboración con Almudena Varela Suárez (alumna de Socioloxía, cunha bolsa de colaboración co CEXeF).

Dende o CEXeF participan:

- Teresa Piñeiro (Directora)
- Renée DePalma (Secretaria)

En representación do profesorado, participan:

- Ana Martínez
- Beatriz Corredoira
- Lucía Fraguela
- M^a Eugenia Suárez
- Mónica Sánchez
- Nuria González
- Patricia Amigo
- Ruth Álvarez

En representación do movemento activista, participan:

- Adrián Gallero - Colectivo Agro-cuir da Ulloa
- Ana Ojea - Rede Educativa de Apoio LGBT de Galicia
- Andie Sánchez - Avante LGBT+ Coruña
- Cristina Palacios - ARELAS
- Hayden Dopico - Amizando
- Pablo Zas - Alas Coruña
- Xácia Ceive - Sete Outeiros


En representación das bibliotecas, o club de lectura Queeruña, e perfís dixitais de animación á lectura, participan:

- Alejandro Castro
- Bárbara Vilariño
- Cristina Ameijeiras
- Diego Maseda
- Inma Doval
- Natalia López
- Noelia Fernández
- Reme Vázquez
- Violeta Meléndrez
- Violeta Seoane

Educación infantil

O año que é un porquiño 2018

Pim Lamers (Autoría), Milja Praagman (Ilustración)
e María Alonso (Tradución)



Editorial: Hércules de Ediciones

ISBN: 978-84-947770-0-4

Páxinas: 32

Sinopse: As ovellas pastan no prado cos seus bonitos xerseis brancos. Os porcos están na poza e pasan o día envorcállandose na lama. Ata que de súpeto un año métese na lama. Ás ovellas e aos porcos parécelles moi estraño. —É que son un porquiño —di o año.

PUNTOS POSITIVOS:

- Atópase traducido ao galego.
- Pode servir para introducir o tema da identidade de xénero na aula e ser críticas cos discursos que se reproducen no propio conto.
- Xoga con diferentes perspectivas que se poden analizar: persoal de granxa que non sabe como actuar, ovellas moi sorprendidas polas actitudes do protagonista, porquiños algo enfadados pola introdución de alguén inesperado no seu espazo e o veterinario presentado como órgano de consulta e lexitimación.
- Representación, aínda que superficial, de persoas racializadas.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- O protagonista non merece aceptación ata que cumpre cos roles asignados.
- Esencialízanse as identidades: os anos, efectivamente, non son porcos.
- Representación maioritariamente masculina e branca.
- O granxeiro recorre á institución médica para buscar solucións.
- Insultos cordistas. Relaciónase a transgresión do xénero coa loucura.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

Cabe destacar que o emprego de animais para facer unha comparativa coas vivenzas de persoas do colectivo pode chegar a ser moi problemático xa que podemos caer en naturalizar etiquetas políticas e, neste caso, acabar transmitindo de maneira non intencionada que a experiencia das persoas trans é equiparable a o discurso trans-especie.

Ademais, neste conto xustifícase que a persoa coidadora (granxeiro) acudise á institución biomédica (veterinario) para lexitimar o que expuña o noso protagonista e incluso para facerlle modificacións corporais sen seguir o seu propio desexo. É moi perigoso expor de maneira non crítica este tipo de discursos na aula xa que na actualidade as persoas trans dependen destas mesmas institucións, que empregan tests profundamente sexistas, para alcanzar o recoñecemento legal.

Cabe por tanto cuestionar no debate na aula por que ten que ser alguén externo quen lexitime a identidade de alguén simplemente porque non se conforme ao esperado desde unha perspectiva cisexista. É importante facer tamén fincapé na falta de representación de mulleres na obra, así como na falta de protagonismo das persoas racializadas que aparecen representadas como se formasen parte do decorado.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Podería traballarse co conto “Por cuatro esquinitas de nada”, que ten unha intención similar mais un enfoque diferente. Mentres en “O año que é un porquiño” é a persoa quen se ten que adaptar ao contexto, en “Por cuatro esquinitas de nada” é o contexto, coa axuda do seu entorno, o que debe mudar para abrazar todas as realidades.

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Debate crítico sobre o libro adaptando a linguaxe ás idades nas que se traballe. Para darlle unha maior profundidade podería buscarse a colaboración con activistas para traballalo.
- Facer ilustracións que rompan cos estereotipos que reproduce o libro.
- Excursión a entornas rurais para que as crianzas vexan que a realidade de anos e porcos tampouco é a que nos contan no conto.

Sirenas 2018

Jessica Love (Autoría e ilustración) e Esther Rubio
(Tradución)



Editorial: Kókinos

ISBN: 978-84-17074-13-5

Páxinas: 38

Sinopse: A Julián gústanlle moito as sereas. Imaxina constantemente converterse nunha delas, nadando e xogando cos peces. Un día, mentres a súa avó se baña, enxéñallas para vestirse coma unha.

PUNTOS POSITIVOS:

- Móstrase a disidencia como parte da cotidianidade e a través do acompañamento familiar.
- Representación de persoas racializadas en papeis protagonistas.
- Presenza de diversidade corporal.
- Fálase de ser serea como algo ambiguo que deixa a libre interpretación das persoas que escoiten ou lean o conto.
- Presenta modelos de familia non tradicional. Neste caso a coidadora principal é a avoa.
- A propia ilustración transmite parte da historia. É un conto intimista que leva ao desfrute persoal.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Se a linguaxe empregada non tivese carga de xénero podería deixar aínda máis espazo a posibles interpretacións.
- Dificultade para ser contado xa que é un material moi visual.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

É importante ter en conta que, tal e como indicou unha activista na mesa de traballo na que traballamos esta obra, a serea é un ser mitolóxico coa que algunhas infancias trans tenden a verse representadas.

Compre destacar que a penas é necesaria preparación para traballar este material xa que o propio enfoque da obra é moi positivo.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Esta obra podería traballarse co corto “Vestido nuevo”, que aborda as transgresións dos estritos límites de xénero nas crianzas, ou co conto infantil “Barrios de colores” que nos fala da importancia de vivir nunha sociedade diversa.

Ademais, cabe destacar que este conto gañou o premio Stonewall Book Awards do Reino Unido. Entre os contos infantís sobre diversidade premiados neste mesmo certame poderíamos destacar “Monster of colors”, no que se traballa a bandeira do colectivo e que tamén se podería levar ás aulas.

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Arte plástica: realizar debuxos ou pequenas esculturas relacionadas co contido do conto ou coas emocións que sentiron ao lelo.
- Empregar música para a lectura ou incluso crear música para cada unha das partes do conto.
- Representación teatral, xogo con telas, experimentación con roupas e texturas e incorporación de elementos naturais como plantas ou follas.

Ni guau ni miao

2017

Blanca Lacasa (Autoría) e Gómez (Ilustración)



Editorial: NubeOcho

ISBN: 978-84-94541-52-0

Páxinas: 40

Sinopse: Fabio non ladra. Fabio non vai a buscar a ramiña. Fabio non move a colliña. Fabio non se asemella a outros cans.

PUNTOS POSITIVOS:

- O protagonista acaba por facer o seu propio son, que non é guau nin miau mais é unha mestura de ámbolos dous.
- Da a mensaxe de que é o entorno o que ten que acoller e non o protagonista o que ten que adaptarse
- Max apórtalle seguridade e complicidade a Fabio e fai por entender como pode facilitar a súa felicidade.
- É divertido e fácil de contar. Emprega unha estrutura acumulativa e participativa que facilita a inmersión na lectura.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Cae en reforzar a propia dicotomía que trata de cuestionar
- Empréganse os animais para explicar as disidencias sexuais o que implica, como xa vimos, certas problemáticas.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

Este libro propón, sen quererlo, que toda aquela etiqueta política que se manifesta fora dunha dicotomía é, en realidade, unha mestura das dúas categorías que a forman.

Este conto podería empregarse para traballar varios aspectos poñamos o exemplo la bisexualidade. De ser este o caso, o título diríanos que “nin homosexual nin heterosexual”, discurso co que o activismo bisexual estaría de acordo. Mais a través das ilustracións e do propio desenvolvemento da historia recibiríamos a mensaxe de que en realidade a bisexualidade é unha mestura de heterosexualidade e homosexualidade, en lugar de presentala como unha etiqueta política cunha historia e un percorrido propios.

Por este motivo, é importante posibilitar outras interpretacións, ser críticas coa ilustración da portada ou incluso debater sobre o propio son de Fabio, que non é máis que a combinación de “miau” e “guau”.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Este conto poderíase traballar co de “Pecas”, que tamén establece unha crítica coa dicotomía de xénero e os roles e estereotipos.

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Lectura e debate facendo fincapé na importancia do cambio de perspectiva de Max.
- Traballar as emocións: Que vos fai a vos felices? Que non? Por que pensades que é importante o apoio? Con que cousas vos sentides (ou non) apoiadas na casa? E na escola? Falades destas cousas entre vos? Pensades que iso vos axudaría a sentirvos máis comprendidas?

Vivan as unllas de cores!

2020

Luis Amavisca e Alicia Acosta (Autoría) e Gusti (Ilustración)



Editorial: NubeOcho

ISBN: 978-84-18133-27-5

Páxinas: 36

Sinopse: A Xoan gostáballe pintar as unllas e cando se riron del no colexio o seu pai decidiu apoialo e pintalas el tamén. Unha historia inspirada en feitos reais.

PUNTOS POSITIVOS:

- Móstrase a importancia do apoio familiar, non critican a súa elección estética.
- Posibilita traballar as emocións e incluír na clase determinados asuntos

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Cae en reforzar os propios roles de xénero: mamá píntalle as unllas e papá aparece pasivo sentado no sofá ata que, ao final da historia, aparece como “salvador”. Ademais, emprégase o termo “nena” como insulto e os xogos que aparecen representados están absolutamente estereotipados.
- Ao final do conto, como é o seu aniversario, fan na clase unha actividade que lle gusta, pintar as unllas, pero non explica que é o que pasa despois.
- Non aparece ningunha reflexión sobre o acoso que sofre o protagonista. Non se ve ningunha intervención por parte das persoas adultas. Préséntase esta violencia como algo normalizado.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

É importante problematizar o acoso que sofre o protagonista, cuestionar que a palabra “nena” sexa empregado como insulto e falar sobre a falta de intervención das persoas adultas e das compañeiras de aula no conto; só destacan a intervención de Margarita e a súa familia e logo, sen explicación, aparece un final no que se soluciona todo.

Cabe preguntarse entre outras cousas por que ao protagonista lle afecta tantísimo que lle chamen nena e por que ser nena é considerado algo negativo co que se pode insultar.

É tamén imprescindible incidir nos estereotipos de xénero que o propio libro reproduce, tendo en conta que o feito de que os rapaces pinten as unllas pouco axuda a cambiar a situación se non poñemos en cuestión o resto de roles e estereotipos e seguimos a reproducir discursos profundamente discriminatorios.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Este conto poderíase traballar co libro titulado “Los pendientes que perdí” que conta a historia dunha rapaza que ten un amigo que quere usar pendentes. Ante a violencia dos pais do rapaz, ela comeza darlle un pendente cando van xogar para que sinta o seu apoio.

Lendo este conto xunto co de “Vivan as unllas de cores!” poderán analizarse cousas como: os límites sociais do xénero, a xenerización de determinados obxectos e decoracións, a importancia do apoio das amizades e da contorna familiar ...

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Orientar o debate cara o crítica dos roles de xénero tradicionais centrándonos, por exemplo, nos coidados, os xogos, os traballos ou a estética.
- Poñer ás crianzas no sitio de Juan: como se sentirían?
- Traballar con palabras bonitas: que queres dicirlle a Juan? e a quen está tratando de facelo sentir mal? Por que está mal empregar nena como insulto?
- A través da escritura ou as artes plásticas poderíamos traballar os seguintes puntos: como che gustaría que acabase o conto? Que cousas cambiarías?
- Presentar outras realidades. O contacontos podería levalo a cabo persoas que transgredan os límites de xénero. Poderían seguirse iniciativas presentadas noutros espazos como a Drag Story Hour, unha proposta de Kasha Davis na que drag queens (podería ampliarse a drag kings ou drag queers) len contos ás crianzas.
- Taller de pintaunllas. Podería proporse en colaboración coas familias.

Rojo: Historia de una cera de colores

2017

Michael Hall (Autoría) Roser Rimbau (Traducción)



Editorial: Takatuka

ISBN: 978-84-16003-79-2

Páxinas: 40

Sinopse: Rojo é una cera de cor azul cunha etiqueta onde pon «rojo». O seu entorno tratará de converter a súa cor en vermella. Pero Rojo non é feliz. Un día unha nova amiga dille que pinte un océano e vermello descobre que é azul.

PUNTOS POSITIVOS:

- É divertido e ten unha estrutura simple.
- Móstrase o importante que é o apoio de outra das ceras.
- Ten potencialidade para tratar moitos temas.
- Ao tratarse de obxectos inanimados pode abordarse o tema do xénero cun menor risco de reforzar estereotipos.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Toda a historia céntrase no que a cera protagonista non é capaz de facer.
- Transmite a idea de que, en certa medida, hai que adaptarse ao que esixe o entorno.
- Móstrase como o entorno quere modificar fisicamente á cera para que encaixe co que esperan dela.
- As etiquetas existen no conto, mais non mostran unha aplicación política

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

Este conto é moi útil para traballar as presións que sufrimos por parte do entorno, en moitas ocasións por parte da propia familia, para adaptarnos e non transgredir os límites do que socialmente é considerado correcto.

Ademais, é importante traballar a importancia das etiquetas. Pódese reflexionar sobre que, aínda que sería ideal vivir nun mundo no que nas etiquetas non fixeran falta, polo de agora son necesarias para que as persoas que sofren determinadas discriminacións e violencias poidan nomealas e teñan a posibilidade de facer explícitas as súas propias reivindicacións sen ser invisibilizadas por grupos máis privilexiados socialmente.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Este conto poderíase traballar con libros como “La fábrica de etiquetas”, “El monstruo de la rabia”, “Ricitos de oso”, “Princesa Kelly” o “Por cuatro esquinitas de nada”. A través destas obras poderemos reflexionar sobre distintos aspectos do conto como as emocións, as etiquetas ou a lexitimidade social e a esixencia de adaptación á norma por parte da contorna.

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Cambiarlles as etiquetas ás ceras e reflexionar sobre o feito de que, aínda que agora pintan dun cor distinto ao que di o seu nome podemos seguir pintando con elas o que queiramos. Así romperemos un pouco a perspectiva limitante do propio conto, que só permite que Rojo pinte cousas azuis porque é a cor do que pinta.

- Pode ser interesante para abordar o tema das etiquetas e a adaptación á norma en 2º-3º de primaria, no claustro ou traballando coas familias. Na mesa de debate estimouse que sería complexo levar a cabo un debate coa profundidade necesaria para abordar ben estes temas na etapa de infantil.
- Actividades en torno aos conflitos e as emocións. Poderían facerse empregando como base o conto de “El monstruo de la rabia” do que xa se falou.
- Asemblea filosófica: faríase un debate na aula para buscar estratexias coas que Rojo puidera defenderse das diferentes situacións polas que pasa ao longo do conto. A docente sería a encargada de dirixir o debate e facilitar a visibilización das estratexias máis eficaces e asertivas.

Monstro rosa

2017

Olga de Dios (Autoría e Ilustración)



Editorial: Apila

ISBN: 978-84-93973-64-3

Páxinas: 36

Sinopse: Monstro Rosa non se sente a gusto no lugar onde naceu. Sente que destaca na súa comunidade e que as cousas non están adaptadas á súa comodidade. Así, sae en busca de novas amizades e un futuro mellor.

PUNTOS POSITIVOS:

- As ilustracións son atractivas e similares aos debuxos das crianzas
- Atópase traducido ao galego.
- Non presenta estereotipos de xénero. Non se empregan pronomes para facer referencia a Monstruo Rosa.
- Cuestionase o concepto tradicional de monstro asociado á maldade e a unha estética determinada. Monstro Rosa posúe características positivas, sorrí e mostra xenerosidade.
- Destaca a importancia do respecto á natureza
- Mostra de maneira moi visual e adaptada ás crianzas de infantil o paso do tempo.
- Invita a investigar
- Monstro Rosa non se adapta a unha norma na que non sente comodidade, senón que vai en busca doutras alternativas.
- As amizades que finalmente atopa Monstro Rosa son moi diversas e as crianzas poden verse recoñecidas nesa diversidade.
- Aparecen as cores da bandeira LGBT.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Cae un pouco no boísmo. Non hai historia nin adversidades, simplemente reflicte a busca e encontro dun lugar no que estar a gusto.
- Busca a xustificación da disidencia antes do nacemento: Monstro Rosa xa era diferente desde o ovo.
- Non atopamos apenas interacción entre Monstro Rosa e a súa contorna.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

Incidir na importancia de que se Monstro Rosa nacera dun ovo igual que o resto e fose afastándose da norma co tempo, merecería o mesmo respecto que se tivera nacido diferente ao resto da súa comunidade como di o conto.

Ter en conta que Monstro Rosa podería ter buscado outras alternativas ademais de irse. A súa decisión é respectable, mais se tivera falado coa súa comunidade, que en ningún momento mostrou rexeitamento, igual poderían ter construído unha casa grande na que coubera todo o mundo.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Este conto poderíase traballar con libros como “O meu irmono”, “Maruxa a mariñeira”, “Marta e a píntega”, “Lo inesperado”, “Lola y Lalo” o “El monstruo de colores” para abordar diferentes temas comúns. Ademais, poderíase traballar xunto con “Rojo: historia de una cera de colores” e “Por cuatro esquinitas de nada” coa finalidade de traballar as diferentes reaccións ante a normativización que presentan as tres obras.


POSIBLES ACTIVIDADES:

- Cidade de monstros: Para comezar, as crianzas crearían o seu propio monstro traballando con diferentes materiais (collage, pinturas, plastilina...) e despois construírían a súa vivenda. Finalmente xuntaríamos todas as vivendas e os monstros e crearíamos unha cidade monstruosa.
- Falarlles da bandeira LGBT+ para logo crear unha grande entre todas que se poida colgar nunha parede da clase ou nos pasillos do centro. É necesario pasar por unha explicación previa evitar que a actividade quede só na parte decorativa.

Educación primaria (1º ciclo)

Me llamo pecas 2017

Raquel Díaz Reguera (Autoría e Ilustración)



Editorial: NubeOcho

ISBN: 978-84-17123-26-0

Páxinas: 40

Sinopse: Pecas preguntase por que hai xogos para nenos e outros para nenas. E cortes de cabelo, cores, roupa e até contos cuentos! Atopará unha resposta?

PUNTOS POSITIVOS:

- Cuestiona de forma sinxela os roles e estereotipos de xénero, o que facilita levar o debate á aula.
- No conto non se empregan pronomes para referirse a Pecas, polo que a interpretación é aberta e pode enfocarse de diferentes maneiras.
- Pecas conta con moito apoio por parte da súa familia.
- O pai de Pecas implícase na súa educación, rompendo con esa imaxe de pai ausente ou expectante presente noutros contos.
- Destaca a súa autonomía. É quen de decidir facer cousas como escribir unha carta pública, aínda que precise do apoio da súa nai.
- Recolle linguaxe actualizado e fálase de redes sociais, gústames...
- Fai reflexionar ás persoas do conto sobre o seu adultocentrismo.
- A cara de Pecas aparece sempre en grande, interactuando en certo modo coa persoa que está a ler o conto.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Na obra mantense que non hai resposta á pregunta exposta por Pecas “¿por que hai cousas de nenos e de nenas?”, como se fose un misterio sen resolver.
- Non é un conto particularmente divertido. Fáltalle chispa e ritmo. Non resulta chamativo para as crianzas.
- Pecas viste “con roupa de neno” e “con roupa de nena” porque é herdada e non pode elixir, non por decisión propia.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

É preciso incidir, aínda que adaptando a linguaxe ás crianzas, no feito de que as cousas non pasan porque si. Que a idea que temos de que “hai cousas de rapazas e cousas de rapaces” responde a condicións históricas, sociais e económicas concretas e que de feito as cousas “de rapazas e rapaces” non son universais, senón que varían en función do tempo e o contexto xeográfico e cultural.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Este conto podería traballarse cos de “¿Qué le pasa a Uma?” e “¿Qué le pasa a Nicolás”. Ademáis, podería conectarse cos outros dous contos analizando durante a mesma mesa de debate “Titiritesa” e “Aquí vivía yo”, ou con outros como “Sirenas” ou “Mi papá es un payaso”, para falar dos diferentes modelos de familia.

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Respondendo a Pecas: tras ler e debater o conto pediríámoslle ás crianzas que respondan por escrito á carta de Pecas.
- Traballar a autodeterminación e a autonomía. Falar sobre as presións que poidan sentir para encaixar.
- Taller con roupa para desxenerizar as cores e os deseños.
- Investigar as diferencias estéticas en función do tempo e o contexto xeográfico: actividades de pesquisa, documentais, imaxes...

Titiritesa 2019

Xerardo Quintiá (Autoría) e Maurizio Quarello
(Ilustración)



Editorial: OOO

ISBN: 978-84-98714-78-4

Páxinas: 48

Sinopse: Titiritesa é a princesa do reino de Anteayer. A súa familia ten o sono de ver á súa filla ben casada cun home. Mais Titiritesa non comparte as aspiracións da súa familia e fuxe de palacio para vivir aventuras nas que se atopa con outra princesa da que namora.

PUNTOS POSITIVOS:

- Orixinal en galego
- Ilustración curiosa e atractiva, baseada no clásico mundo de castelos e princesas.
- Linguaxe potente: nomes curiosos, fai chiscadelas ás crianzas durante a lectura favorecendo que participen activamente.
- Non busca explicar unha lección, senón entreter. Pon enriba da mesa a relación entre dúas mulleres e a aborda de maneira cotiá.
- O pai de Wendolina non mostra sorpresa ante a parella da súa . O feito de que sexa outra rapaza non é motivo de conflito.
- A palabra “Trukulutrú” é unha ferramenta para ás crianzas. Otorga a posibilidade de responder, de maneira rebelde e divertida, ás persoas que non respectan as súas vivencias e sentires.
- Ao non poñer etiquetas á relación entre dúas mulleres pode interpretarse de diferentes maneiras e iso permite levar varios temas á clase.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- A historia da moitas voltas e pode resultar difícil de seguir para as crianzas máis pequenas.
- A representación de persoas racializadas e escasa e aparecen cumprindo papeis estereotipados: portadores do rei.
- Reprodúcense estereotipos de xénero a través dos pais de Titiritesa. Seme-lla que o pai a acepta, mais a realidade é que é un pai ausente. A nai é a encargada de transmitir e facer cumprir as normas de xénero á súa filla.
- Non se fai ningunha crítica ao o amor romántico: como están namoradas teñen que casar.
- Reprodúcense, unha vez máis, a idea de que a estética normativa atópase vinculada á bondade

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

O mundo no que vivimos é marcadamente monosexista. Isto significa que asumimos que as persoas só poden ser heterosexuais ou homosexuais, obviando así outras realidades, como as das persoas bisexuais, e asumindo que as parellas formadas por dúas mulleres ou dous homes son sempre lésbicas ou gais.

O feito de que nun conto apareza unha relación entre dúas mulleres ou dos homes, ofrécenos a posibilidade de facer isto patente na aula e de reflexionar sobre ese asunto. Podería ser que as dúas persoas, ou unha delas, fose bisexual. Falemos sobre o tema.

Por outra parte, con respecto á relación que se establece entre a normatividade estética e a bondade/maldade das personaxes, cabe destacar que neste conto deconstrúese un pouco esa idea a través do monstro mais ao mesmo tempo reproducécese cos reis e raíñas. Este discurso, tan habitual, prexudica directamente a moitas persoas discapacitadas. É necesario facer reflexionar ás crianzas sobre o feito de que a normatividade estética non ten nada que ver coa bondade das persoas.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:


Este conto poderíase traballar xunto con “Mi papá es un payaso”, “Aitor tiene dos mamás”, “Sirenas” ou “Families, families, families!” para incidir na parte da diversidade familiar.

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Traballar as emocións: Como se sentía Titiritesa na casa? Por que se vai? Como se sinte cando fuxe? E cando atopa a Wendolina?
- Taller de educación sexual integral.
- Xogo de mesa: ¿Quién vive aquí? (Vídeo explicativo no apartado de recursos)
- “Tutty: un juego de familias diversas”. Poderíamos aproveitar o conto para falar das familias e incidir na súa diversidade. Unha forma de facelo sería empregar Tutty, un xogo de cartas. Como inicialmente está orientado a 5º-6º de primaria, habería que buscar estratexias para incluílo na aula de maneira introductoria.
- Facer unha lectura acompañada coas crianzas para ir traballando as ideas que vaian saíndo.

Aquí vivía yo 2018

Dani Torrent (Autoría e ilustración)



Editorial: Edelvives

ISBN: 978-84-14016-06-0

Páxinas: 40

Sinopse: Don Gregorio adícase a ensinar pisos a posibles compradores. Un día debe mostrar a casa na que pasou a súa infancia. Cando nun dos cuartos atopa un retrato seu na parede, transpórtase a un lugar no que recupera as emocións, as ganas de aventura, a calor da familia e multitude de sentimentos que tiña case esquecidos.

PUNTOS POSITIVOS:

- É un conto entretido que pon sobre a mesa a idea de fogar
- A ilustración é bonita e detallada
- Mostra a relación entre os dous protagonistas dunha maneira aberta e co-tiá. Non etiqueta, polo que da ás lectoras a posibilidade de contemplar diversas posibilidades.
- Mostra a importancia das emocións, de falar co entorno e sentirse escoitada e comprendida.
- Mostra o diverso que é o mundo: diferentes casas, clases sociais, tipos de familia...
- Mensaxe final de esperanza

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- A única muller que aparece no libro cumpre a función de reprodución e coidados.
- É difícil que as crianzas amosen empatía ao estar centrado na historia dunha persoa adulta que mostra preocupacións de persoa adulta.
- Da a sensación de que o protagonista despréndese da súa vida anterior e comeza outra desde cero.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

Este libro pode servir para levar á clase a necesidade de contacto interxeneracional para coñecer outras historias e sentires. É posible que non lles sexa fácil amosar empatía nun primeiro momento co protagonista, xa que é unha persoa adulta, mais se o traballamos podemos lograr que logren xerar un vínculo con el.

A partir desta introdución, podemos falar da necesidade de recuperar as historias de vida e reivindicar a memoria e as xenealoxías longamente invisibilizadas. Isto non só afecta ao colectivo LGBT+, senón tamén a mulleres, persoas ciganas, etc.

Podemos aproveitar este conto, que fala da historia e memoria individual para dar espazo a memorias colectivas historicamente invisibilizadas nos centros educativos.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Este conto podería traballarse co libro “El mapa de los buenos momentos” que tamén aborda temas relacionados co fogar e os recordos desde a perspectiva dunha rapaza que ten que fuxir da guerra.


POSIBLES ACTIVIDADES:

- Caixa dos tesouros cos seus recordos.
- Escribir un conto no que se fale do pasado do protagonista ou completar a historia que se nos conta no libro.
- Facer representacións artísticas (debuxo, plastilina, collage...) sobre a nosa casa e familia.
- Xogo de mesa: ¿Quién vive aquí? (Vídeo explicativo no apartado de recursos)
- Traballar a diversidade familiar, igual que se propuxo no conto anterior, empregando para isto unha adaptación do Tutty e os exemplos que saíron na propia clase a través do exercicio previo.
- Inventar unha historia: escribir un conto ou debuxar un cómic no que falen de como sería a súa volta á súa casa se fixeran como o protagonista e volveran de maiores.

A pita xefa

2018

Marta Lado (Autoría e ilustración)



Editorial: BAIA

ISBN: 978-84-9995-381-6

Páxinas: 34

Sinopse: Unha pequena pita cun soño pode facer moitas cousas: salto de lonxitude, bailar claqué... pero, sobre todo, pode conseguir o máis importante: mudar as normas do galiñeiro!

PUNTOS POSITIVOS:

- Atópase dispoñible en galego.
- Móstrase que cando a protagonista cuestiona as regras asumidas socialmente ábreanse novas posibilidades.
- A linguaxe e a historia son sinxelas, polo que pode chegar ben ás crianzas.
- Dáselle importancia á colaboración e á necesidade de cuestionar as xerarquías.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Transmite a idea de que ser xefa e a vía para lograr o éxito.
- A historia está construída sobre diversos tópicos xenerizados en torno aos galos e as galiñas, o que resulta problemático.
- Emprega animais para establecer comparativas coa diversidade humana. É complicado facelo sen caer en esencializar as etiquetas políticas e sociais.
- O conto é algo aburrido, fáltalle chispa e historia. É probable que as crianzas non o gocen moito. Prima a mensaxe por enriba da calidade literaria.
- Faise complicado desvincular da apropiación cultural a vestimenta “che-rokee” da protagonista aínda que esta mencione á súa devanceira.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

É importante ter en conta que as discriminacións machistas, LGBTIfóbicas, racistas ou capacitistas atópanse, ademais, cruzadas pola clase. A aula podería ser o espazo perfecto para cuestionar as dinámicas neoliberais e os modelos de éxito aos que estamos acostumadas e para posibilitar outras maneiras de organización social baseadas na autonomía e a horizontalidade.

Algunhas cuestións que nos axudarán a introducir este tema na clase a través deste conto serían: A solución pasa por alcanzar o poder ou por cuestionalo? Que unha galiña sexa a xefa soluciona todos os problemas das galiñas ou haberá algúns que se manteñan? Cal é a proposta organizativa da protagonista? Parécenos ben? Como nos organizamos no cole? E na casa? Como nos sentiríamos máis a gusto organizándonos?

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Este libro podería traballarse xunto con contos como “La vaca que se subió a un árbol”, “La vaca que puso un huevo” o “Artur y Clementina”.


POSIBLES ACTIVIDADES:

- Facer dinámicas de traballo en equipo e reflexionar sobre as formas de organización social que coñecemos.
- Lectura crítica do conto: Farase unha lectura en alto e logo dividirase o conto en seccións correspondentes a grupíños de tres. Cada grupo encargárase de buscar as cousas coas que están ou non dacordo, o debaterán e, finalmente, o explicarán diante do resto da clase.

Oliver Button é unha nena

1979/2020

Tomie dePaola (Autoría e Ilustración) e Sandra Senra e Óscar Senra (Tradución)



Editorial: Kalandraka

ISBN: 978-8484641728

Páxinas: 48

Sinopse: A Oliver Button chamábanlle nena. A el non lle gustaba facer as cousas que se supón que fan os nenos. Gustáballe xogar no bosque e saltar á corda. Gustáballe ler libros e facer debuxos. O seu pai preferiría que practicase deportes pero, a súa falta de habilidade para o exercicio físico fai que os seus compañeiros de escola o marxinen, se burlen del e o intimiden. «Oliver Button é unha nena», chegaron a pintar nunha parede.

PUNTOS POSITIVOS:

- Atópase dispoñible en galego.
- Pode servir como punto de partida para debater e axudar a sensibilizar a persoas que contan con poucos coñecementos sobre xénero e sexualidade.
- Aborda o acoso escolar.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Reprodúcense estereotipos de xénero.
- Considérase admisible que Oliver teña que manter unha parte da súa personalidade visible unicamente no ámbito privado.
- Emprega “nena” como insulto.
- As ilustracións non son atractivas.
- A maneira de abordar o acoso escolar pode ser prexudicial se non se traballa ben.
- Oliver sofre presión por parte da súa familia para adaptarse a una masculinidade hexemónica, aínda que ao final o apoian
- Idea de éxito: converterse nunha estrela

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

Ao igual que con “Vivan as unllas de cores!”, é importante problematizar o acoso que sofre o protagonista, cuestionar que a palabra “nena” sexa empregado como insulto e falar sobre a falta de intervención das persoas adultas no conto.

Por outra parte, debemos ter en conta que este conto é un clásico de finais dos anos 70 e que, aínda que non sempre da maneira máis axeitada, axuda a por determinados asuntos enriba da mesa.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Como xa dixemos, podería traballarse xunto con “Vivan as unllas de cores!” para cuestionar o emprego da palabra “nena” como insulto e incidir no seu carácter machista, así como para levar á aula o tema das transgresións de xénero e, polo tanto, dos rixidos límites do mesmo.

Ademais, podería traballarse xunto con “La princesa vestida con una bolsa de papel” que, aínda que pouco ten que ver con esta historia, cuestiona os roles de xénero tradicionais e aporta visións alternativas do que sería un final exitoso.

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Reescribir o conto: que pode cambiar no entorno de Oliver para que este sexa máis feliz?
- Facer unha dinámica de palabras bonitas: que palabras bonitas lle adiaríades a Oliver?

Mi papá es un payaso/ My dad is a clown

2013

José Carlos Andrés (Autoría e Ilustración)



Editorial: Egales

ISBN: 978-84-15899-06-8

Páxinas: 40

Sinopse: O protagonista é un neno que ten dous papás. Un deles é médico, mais o outro... é un pallaso!

PUNTOS POSITIVOS:

- Cuestiona o concepto de éxito tradicional.
- Mostra a complexidade da profesión de pallaso.
- Abórdase a diversidade familiar de maneira cotiá. Non se presenta coma o centro da historia, mais é un pilar fundamental.
- O tipo de ilustración axuda a cuestionar a normatividade dos corpos. Os debuxos son orixinais e chamativos.
- Pode ser moi útil para traballar as emocións.
- É un conto bilingüe (ES/EN).

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Non ten moita aventura.
- Foi etiquetado por unha das integrantes da mesa de traballo como “algo naif”
- Outra das integrantes fixo a puntualización de que pode ser contraproducente que un dos poucos contos que aborden as emocións dos homes estea plantexado en torno á historia dunha parella de dous homes, xa que pode caer no estereotipo. Mais o problema non sería deste conto, senon de outros que non abordan a masculinidade cishetero desde outras perspectivas.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

Con este libro pódese traballar a diversidade familiar tamén a través dos oficios das persoas que están ao coidado das crianzas. É importante transmitir que é necesario respectar a familia de cada quen e que cada quen terá, probablemente, unha familia, sexa de sangue ou elixida, nalgún momento e que esta familia poderá ou non adecuarse aos parámetros de normalidade da familia tradicional.

Non hai nada co que se deba ter un particular coidado ou sensibilidade á hora de abordar este conto na aula.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Este conto poderíase traballar xunto con “Aitor tiene dos mamás”, “Sirenas”, “Families, families, families!” e outros previamente mencionados nesta guía para incidir na parte da diversidade familiar.

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Xogo de mesa: ¿Quién vive aquí? (Vídeo explicativo no apartado de recursos)
- “Tutty: un juego de familias diversas”. Poderíamos aproveitar o conto para falar das familias e incidir na súa diversidade. Como xa se recolleu nesta guía, é un xogo inicialmente orientado a 5º-6º de primaria, polo que habería que buscar estratexias para incluílo na aula de maneira introdutoria.
- Escribir un conto similar (pode abordarse desde calquera das materias de linguas) no que falen da súa propia familia.

Educación primaria (2º ciclo)

Daniela e as mozas piratas 2020

Susanna Isern (Autoría) e Ana Gómez (Ilustración)



Editorial: NubeOcho

ISBN: 978-84-18133-63-3

Páxinas: 40

Sinopse: Hai un novo barco pirata sucando os mares: o barco das Pirañas Intrépidas! Estanse facendo famosas, salvan xente en perigo e conseguen fabulosos tesouros.

PUNTOS POSITIVOS:

- Atópase dispoñible en galego.
- Destaca a diversidade das personaxes: aparecen corpos non normativos e as persoas racializadas que aparecen representadas participan activamente, son protagonistas e ocupan espazo, tanto físico como simbólico, no conto.
- Abórdase o traballo en equipo. Xérase unha identidade de grupo.
- Fai fincapé na necesidade de acoller e colaborar.
- Os adxectivos empregados son positivos e reforzan as características do grupo: increíbles, valentes, maravillosas...
- As personaxes mostran a súa vulnerabilidade. Fálase das emocións.
- Conseguen o obxectivo (o tesouro) mediante a cooperación. Abórdase a importancia de compartir.
- Os animais aparecen como aliados.
- Rompe co mito machista da serea e os tritóns performan unha masculinidade disidente.
- Linguaxe bastante inclusiva.
- A ilustración é divertida e pode resultar próxima á rapazada.
- A historia está ben fiada e chea de aventuras.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Diferencia entre sereas e tritóns e emprega algúns masculinos xenéricos.
- O final do libro céntrase máis en Daniela e perde un pouco a forza colectiva.
- Aparece máis o nome do barco que dalgunhas piratas coas que as crianzas se poderían identificar.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

A diversidade de corpos presentes nas ilustracións posibilita que grande parte das crianzas se vexan representadas na historia.

Poderíase problematizar a idea de tesouro. Por que non o repartiron coa xente da illa? Para que queren elas cadeas e coroas de ouro? Como lles gustaría ás crianzas que fose o seu tesouro?

O propio conto xa posibilita a reflexión sobre diversos aspectos. Non hai nada co que se deba ter un particular coidado ou sensibilidade á hora de abordar esta obra na aula.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Poderíase complementar coa primeira entrega da saga “Daniela pirata”, que aborda os problemas aos que se ten que enfrontar Daniela para chegar a ser pirata do Caimán Negro polo feito de ser una rapaza, ou co conto “Daniela pirata e a bruxa Sofronisa”. Toda a saga atópase traducida ao galego.

Ademais, poderían empregarse “Plasticus maritimus: una especie invasora” o “¡Alguien se ha tragado a Lola!” para traballar o coidado dos mares.

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Poñer nome e historia ás integrantes da tripulación.
- Xogos cooperativos: procura do tesouro empregando espazos naturais.
- Teatralizar a obra rotando para interpretar os diferentes papeis.
- Construír un barco pirata con materiais reciclados.
- Traballar a identidade de grupo: creando un emblema, nome, música... para cada aula e fomentando a colaboración entre elas.
- Cambiar o conto e inventar máis historias para Daniela. Empregarase para traballar a estrutura do conto e a lectoescritura. Cando rematen, poderán contar os seus propios contos.
- Traballar os adxectivos partindo dos exemplos que aparecen no libro.

Leñadoras: Cuidado con el gatete sagrado

2016

Noelle Stevenson (Autoría e ilustración), Grace Ellis, Broke Allen e Shannon Waters (Autoría) e Inga Pellissa (Traducción).



Editorial: Saprستي

ISBN: 978-84-94425-77-6

Páxinas: 200

Sinopse: Cinco amigas pasan o verán de campamento desafiando a ietis hipsters, lobos de tres ollos e falcóns xigantes mentres resollen misterios. Son chicas duras e no están dispostas a que seres sobrenaturais de calquera tipo lles poidan arruinar a festa.

PUNTOS POSITIVOS:

- Nomea mulleres referentes.
- Escenas divertidas, historia entretida.
- Presencia de mulleres moi diversas cunha expresión de xénero disidente. Aparecen mulleres tatuadas e sen pendentes.
- Aborda a necesidade de apoio e coidados dentro do grupo.
- Protagonismo do grupo. Existe a posibilidade de ter unha ou varias referentes.
- A monitora reivindica o seu nome. Non se acomoda ao que di a directora.
- Cuestiónanse as xerarquías de poder.
- Trabállase, a través da esaxeración e a ironía, a masculinidade tóxica.
- April rompe os estereotipos: é a que máis encaixa no socialmente construído como feminidade e, ao mesmo tempo, a que máis forza física ten.
- Non hai competitividade entre mulleres.
- Vese como hai dúas personaxes que se gustan, mais a historia non se centra niso nin afecta ás dinámicas de grupo.
- Inclúense os coñecementos matemáticos como parte necesaria da historia.
- Aparece unha guía para facer pulseiras da amizade.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Romantización do amor entre a monitora e o monitor. Frechazo.
- Son os rapaces do outro campamento quen rescatan ás protagonistas a pesar de ser algo absolutamente innecesario.
- A linguaxe no se adapta ás crianzas desas idades (pode ser pola tradución).
- Non se trata ben á única persoa racializada do conto: a monitora. Aínda que ao final gaña o respecto do resto de personaxes, no comezo da historia preséntase como persoa á que non hai que respectar, non se acordan nin do seu nome, non está incluída no grupo e presenta conductas agresivas.
- Hai momentos da historia nos que costa situarse.
- As anotacións que hai polo medio poden ser confusas ou aburridas, xa que en ocasións córtase a información a medias.
- Preséntanse aos animais como inimigos.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

É necesario destacar a diversidade de actitudes, habilidades e expresións das personaxes principais. Isto posibilitará que grande parte das crianzas se vexan representadas na historia.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Podería traballarse o respecto e o coñecemento da natureza da nosa entorna. Para iso poderían empregarse libros como “Os nosos bosques”, “Con calma: 50 historias de la naturaleza” ou o cómic “La sociedad de los dragones del té”.

Tamén debe abordarse o tema das mulleres referentes. Para iso poderían empregarse obras como “Mujeres negras en la ciencia”, “Pioneiras: galegas que abriron camiño” ou “Mulleres bravas da nosa historia”.

Outro libro con representación LGBT+ baseado en enigmas e xogos co que se podería complementar a lectura de “Leñadoras” sería o de “Enigmates: encerrados en clase”.

Poderían empregarse tamén outros títulos da colección como “Leñadoras: a vista de pájaro”, “Leñadoras: todas a una”, “Leñadoras: fuera bromas” o “Leñadoras: un plan terrible”.

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Proxecto de gamificación que parta das probas do propio libro.
- Facer traballos de investigación, redacción e/ou representación artística sobre as referentes mencionadas no libro e outras.
- Traballar a mitoloxía grega.
- Debate sobre os espazos mixtos e non mixtos.
- Abordar temas como a escuridade, os medos e as inseguranzas.

En el país perfecto 2016

Mar Pavón (Autoría) y Patricia Saavedra (Ilustración).



Editorial: La Locomotora Editorial

ISBN: 978-84-94583-20-9

Páxinas: 40

Sinopse: Ás veces as cousas non son como imaxinamos. Pero iso no quere dicir que sexan mellores nin peores: sinxelamente, son diferentes.. Todo sucede unha noite na que Álvaro atopa a un señor descoñecido na súa casa...

PUNTOS POSITIVOS:

- Explica como as caixiñas dicotómicas nas que dividimos á sociedade deixan fora as vivencias e experiencias de moitas persoas.
- Aparece un bico de maneira explícita.
- Pártese dun amor familiar inicial que se mantén tras o descubrimento do protagonista
- Pásase da asimilación á reivindicación e o orgullo.
- Pon en cuestión os roles de xénero tradicionais, así como ás persoas que vixían os límites do xénero.
- Trata a diversidade familiar.
- O propio conto ridiculiza a idea de que o resto de familias queiran adoptar ao protagonista.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Falta de coherencia: humor adulto, moi irónico, e letra infantil.
- A ilustración non é moi atractiva para esas idades.
- Xoga moito cos estereotipos: precisaríase un abordaxe previo na aula
- Non hai reflexión sobre como se estrutura a sociedade e como se pode cambiar. O resto dos personaxes que aparecen só engaden violencia.
- O pai non se decata de nada do que está a pasar ata que o avisan ao final da historia.
- Falta de representación de persoas racializadas e corpos non normativos.
- Ninguén lles tende a man, o entorno é absolutamente hostil.
- Reprodúcese a idea de que unha familia non tradicional pode traumatizar ás crianzas. O resto de familias quere adoptar ao protagonista.
- Aparece o “factor sorpresa” asociado historicamente aos produtos culturais nos que aparecen personaxes trans.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

Aínda que polo xeral o feito de que os contos non etiqueten as experiencias das persoas protagonistas soe ser positivo porque isto ofrece ás crianzas máis posibilidades e opcións que valorar e ter en conta, neste caso pode ser contraproducente.

En ningún momento do conto se indica se a nai é unha muller trans ou é un home que se traviste para pasar desapercibido, entre outras posibilidades. Esta falta de especificación é problemática se non se sabe abordar ben na aula xa que se pode caer na reprodución de discursos tráfobos que din que as mulleres trans non son mulleres; discursos que atentan directamente contra os dereitos do colectivo e favorecen a súa discriminación.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Este conto poderíase traballar xunto con “Mi papá es un payaso”, “Aitor tiene dos mamás”, “Sirenas”, “Ella es mi papá” ou “Families, families, families!” para incidir na parte da diversidade familiar.

POSIBLES ACTIVIDADES:

- “Tutty: un juego de familias diversas”. Poderíamos aproveitar o conto para falar das familias e incidir na súa diversidade, unha forma de facelo sería empregar este xogo de cartas.
- Caixa azul, caixa rosa: dinámica que consiste en introducir unha serie de estereotipos en cada unha para despois cuestionar a dicotomía home/muller vendo como non sempre encaixan as ideas preconcebidas coa realidade e como sempre hai quen acaba por quedar fora das caixas.
- Traballar co curto “Vestido nuevo” e debater tendo en conta as dúas obras.

La sociedad de los dragones del té

2016

Katie O'Neill (Autoría e ilustración).



Editorial: Brufalo Lector Ediciones

ISBN: 978-84-94598-43-2

Páxinas: 80

Sinopse: Despois de rescatar a un dragón do té perdido no mercado, Greta descobre o esquecido arte do coidado destas fantásticas criaturas da man dos afables donos da tenda de té da aldea, Hesekiel e Erik. Ao tempo que se fai amiga deles e da tímida Minette, Greta comproba como este oficio ancestral enriquece as súas vidas e, finalmente, tamén a súa propia.

PUNTOS POSITIVOS:

- Esteticamente resulta moi atractivo. Tanto a ilustración como a historia están moi coidadas.
- A división por capítulos-estacións que facilita a lectura.
- Cuestiona os roles de xénero tradicionais.
- Aparecen corpos non normativos: mulleres fortes, persoas en cadeira de rodas... Todos os corpos teñen polo menos unha cousa que fai que non encaixen no noso modelo de normatividade.
- Enfoque anticapacitista.
- Móstrase a importancia de coñecer á persoa, sen prexulgala e dándolle os tempos que precise.
- As persoas adultas do conto non paran ás crianzas, senón que lles indican que se o precisan nalgún momento serán acompañadas.
- Non é unha trama lineal senón que cada personaxe ten as súas inquietudes e historias paralelas.
- Fálase da importancia das tradicións, pero favorecendo unha reinterpretación das mesmas que se adapte ao presente.
- As protagonistas deciden seguir o seu propio camiño.
- A historia céntrase na importancia da tranquilidade e da paz, de desfrutar dos pequenos momentos.
- Mostra maneiras alternativas de abordar as problemáticas familiares.
- Destaca a importancia da historia e a memoria, de contar cun espazo para rememorar.
- Pon en valor a transmisión de coñecementos entre xeracións.
- Propón a necesidade de retardar o tempo, centrarse nos coidados e na importancia dos vínculos e romper coa produción abusiva.
- Ensina o amor como acompañamento, como algo de mutuo acordo.
- Ao final do libro atopamos máis información sobre ese mundo máxico.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Bótase en falta que as relacións sexo-afectivas non se presenten de maneira algo máis explícita.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

Con este libro pódese traballar a diversidade familiar incluíndo tamén a familia escollida e as amizades, a importancia de respectar os tempos das demais, a importancia do acompañamento e os coidados mutuos...

Non hai nada co que se deba ter un particular coidado ou sensibilidade á hora de levar este cómic á aula, xa que el mesmo aborda de maneira sinxela e axeitada todos os aspectos que quere traballar.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Este conto poderíase traballar xunto con “El festival de los Dragones de Té” ou con “El tapiz de los Dragones de Té” que, ao ser parte da mesma colección son absolutamente complementarios.

Tamén pode traballarse xunto coa colección de cómics “Leñadoras” e centrarnos nas diferencias entre ambas producións.

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Fomentar a comunicación interxeneracional dándolle voz ás avoas mediante unha reunión coas crianzas.
- Crear unha ficha (imaxe e texto) dun novo dragón do té.
- Identificar onde aparece o amor e falar do tipo de relación que lles parece que teñen as persoas implicadas.
- Infusións e debate: facer un taller ao que se leven diferentes infusións para probar e no que se fomente o debate sobre o cómic.
- Falar das tradicións: Cales non che gustan? Pensades que é necesario mantelas tal e como as coñecemos? Aproveitar para traballar a importancia do benestar animal.
- Reflexionar sobre pequenos pasos que dan os dragóns para coller confianza e que pasa por exemplo cos animais que son adoptados tras ser separados da súa primeira familia.

Educación primaria (3º ciclo)

Mamá, quero ser Ziggy Stardust 2018

Iria Misa (Autoría) e Alba Barreiro (Ilustración).



Editorial: Edicións Xerais

ISBN: 978-84-91214-15-1

Páxinas: 224

Sinopse: Aine contaba nove anos a primeira vez que viaxou cos seus pais de vacacións. Naqueles días, ademais de percorrer a cidade, visitaron unha exposición. Era sobre unha estrela de rock que mudaba de aspecto coma os camaleóns. Un arreguizo estraño percorreulle o corpo cando se fixou na roupa que vestía, pois non soubo se era de home ou de muller. Emocionouse ao ver que tiña o cabelo roxo, tan semellante ao seu. Escoitou aquela canción que falaba dun extraterrestre que só quería cantar e bailar e tivo unha revelación: Aine, de maior, sería igual que Ziggy Stardust, un músico marciano que podía ser todo o que lle dese a gana. Coa axuda de Thomas, o seu inseparable amigo imaxinario, íao lograr.

PUNTOS POSITIVOS:

- Atópase dispoñible en galego
- Vense algunhas das trabas e dificultades que poden vivir as persoas trans e disidentes de xénero na súa contorna.
- Historia realista que reflicte un patrón habitual: nai como figura de apoio e pai ausente.
- O modelo de referencia é Ziggy Stardust, que difumina os límites entre o masculino e o feminino.
- Non reforza estereotipos de xénero: non emprega xoguetes xenerizados, usa maquillaxe...
- Ata a páxina 100, cando o personaxe o verbaliza, non se empregan marcas de xénero ao referirse a el.
- Trata temas como o benestar e a amizade
- Móstranse momentos duros sen caer en revictimizar ao protagonista.
- Introducir a Thomas como narrador engade maxia, xogo é supón un apoio constante para o personaxe protagonista. Interpretase como un amigo invisible.
- Thomas tamén pode ser lido como a ansiedade e frustración do protagonista ante a falta de respecto e apoio do seu entorno máis próximo que na creación dun personaxe que desaparece cando o fai esa situación.
- Trabállanse as emocións e o debate entre o que o personaxe quere facer e as limitacións impostas polo entorno.
- Destácase a importancia dos referentes e ponse o foco no acompañamento.
- Non impón etiquetas
- Móstrase como a sociedade machista pon o foco na nai, obviando a existencia do pai e responsabilizándoa das transgresións do seu fillo como se foran algo negativo.
- Cuestiona o concepto tradicional de violencia: acaso non é tamén violencia o que sofre o personaxe protagonista no día a día? Fálase da culpabilización da vítima en casos de acoso.
- Presenta os baños como os lugares conflictivos que moitas veces son para o colectivo LGBT+.
- Ante a perspectiva de cambios corporais no futuro Aine indica que xa o pensará. Nin se forzan nin se critican as modificacións corporais, móstrase que cada persoa ten os seus tempos e deben ser respectados.
- Destaca a importancia de poñer o foco nas demandas e necesidades das crianzas.
- Cuestiona as xerarquías e o adultocentrismo imperante na sociedade.
- O epílogo, no que a autora fala de Bowie, invita á investigación.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- Cáese no feito de que Carol sexa estereotipicamente feminina para facer evidente o contraste con Aine.
- O pai desaparece e non se sabe máis del.
- O personaxe de Thomas pode xerar confusión nalgúns momentos.
- A moralexa queda un pouco no aire. Apórtaselles ás crianzas a escusa de que non son responsables do que fagan as familias e xustifícase así que non interveñan ante as inxustizas. A docente non se responsabiliza da situación de discriminación que se da contra o seu alumno.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

Deste libro podemos extraer a necesidade de por o foco nas propias crianzas e nas súas necesidades. Ao longo da historia móstrárenos como, para cumprir cos esixentes requisitos dunha sociedade cisheterosexista, Aine vaíse vendo anulado polo seu entorno. Prohibicións, acoso, rifas familiares, ignorar deliberadamente as súas reivindicacións e peticións ou acceder a esixencias externas (como a docente que permite que Aine non actúe co resto da clase porque o resto das familias así o solicitan) configuran un entorno hostil que dificulta o desenvolvemento integral do protagonista.

Está ben que a rapazada que sofre teña estratexias de defensa, mais o obxectivo sempre debe ser xerar contornas amables onde cada persoa sexa respectada e valorada.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Este libro podería complementarse con obras como “Las ventajas de ser un marginado”, “22 segundos”, “Llámame Paula”, “Guía de supervivencia para adolescentes trans” o “El bebé verde”

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Empregando a curtametraxe “Vestido nuevo” poderase traballar sobre os límites do xénero e abordar como socialmente considéranse “ilegais” esas transgresións do normativo.
- Proxecto multidisciplinar sobre as distintas personalidades de Bowie, coñecendo os seus relatos, creando imaxes sobre elas e xerando unha lista de reprodución.
- Xogar coa maquillaxe na aula. Cuestionar a existencia de liñas masculinas e femininas.

- Traballando a música pódese reflexionar sobre os estereotipos de xénero que ensinan. Débese evitar caer no estereotipo de empregar unicamente o Reggaeton como exemplo para evitar reproducir discursos racistas, son numerosas as letras machistas que aparecen noutros estilos musicais como o pop. Ademais, pódense levar á aula alternativas musicais con perspectiva de xénero, LGBT+, antirracista etc. Algúns exemplos poderían ser: Tremenda Jauría, Ana Tijoux, Sara Hebe ou Gata Cattana.
- Estudiar os dereitos das persoas trans e LGBT+ en España e en outros países. Recursos para facelo:
 - https://ilga.org/downloads/ILGA_Mundo_Informe_de_Mapeo_Legal_Trans_2019_ES.pdf
 - <https://ilga.org/es/mapas-legislacion-sobre-orientacion-sexual>
- Realizar un xogo de roles sobre o acoso coa intención de facer que as crianzas sexan conscientes do seu rol de testemuñas e se impliquen para evitar agresións e dinámicas de acoso.
- Traballar a propia identidade: Poden facer unha carta dirixida cara elas mesmas falando de como lles fixo sentir o libro con respecto a si mesmas. Despois diso, farase unha actividade en torno a unha monigote debuxada á que todas as crianzas poran características que consideran positivas de outras compañeiras.
- Referentes: preguntar quen son os seus modelos a seguir ou persoas ás que valoran e ofrecer novas referentes.
- Facer a dinámica dos problemas: que cada persoa escriba un problema nun papeliño (pode ser real ou inventado), métese nunha bolsa e logo unha man inocente colle un. Saíran dúas persoas, unha representará a persoa que ten o problema e a outra será Thomas, que lle axudará a buscar solucións. Ditas solución someteranse a debate co resto da aula.

La hija del huracán

2016

Kacen Callender (Autoría) Paola Garrido (Diseño gráfico) y Diana Gutierrez (Traducción).



Editorial: Kakao Books

ISBN: 978-84-12028-89-8

Páxinas: 200

Sinopse: Caroline ten doce anos e veu ao mundo mentres un huracán azotaba a súa illa no Caribe, o que se considera que trae mala sorte. Mais a Caroline no lle importa, porque a maioría da xente xa a odia por ser como é: demasiado pequena, demasiado negra e demasiado lista para eles. Caroline só quere atopar á súa nai, que desapareceu sen mais unha mañá. E cando unha nena nova, Kalinda, chega á súa escola, as orgullosas rastas do seu cabelo e a súa sonrisa cómplice insúflanlle novas forzas. Porque Kalinda tamén é capaz de ver as cousas que ninguén máis ve...

PUNTOS POSITIVOS:

- A personaxe protagonista é unha nena racializada cun potente discurso decolonial.
- Trata temas coma o racismo, as consecuencias da colonización, o machismo, o impacto da relixión ou a lgtbfobia.
- Trata o tema da morte utilizando o realismo máxico.
- Aínda que presenta un entorno moi hostil pódese levar á aula sen problema.
- Introduce debates filosóficos adaptados a idade á que vai dirixido.
- Calquera persoa pode sentirse representada
- Non hai un final trágico pero tampouco se cae no boísmo, aborda temas moi complexos.
- Durante o libro é súper importante o desenvolvemento do pensamento crítico tanto da protagonista como da súa contorna.
- Aporta referentes LGTBI+ e racializadas.
- Abórdanse temas como a saúde mental, o suicidio ou a morte dunha maneira accesible para persoas de 12 anos.
- A historia engancha e as personaxes evolucionan.
- Trátase a violencia recibida por parte do profesorado.
- Todas as mulleres protagonistas mostran diferentes formas de fortaleza.
- Trata a sexualidade disidente de forma moi axeitada, aparecendo varias referentes explicitamente sáficas ao longo do libro (a nai, a propia protagonista, Kalinda, a directora, as dúas turistas...).
- Faise fincapé na interseccionalidade e ten perspectiva de clase.
- Aborda o acoso escolar e pon o foco nos docentes.
- Trata a depresión a través da nai e presenta unha personaxe coa que podes empatizar e que non cae no victimismo. Racha coa idea de coidadora e nai perfecta que soe aparecer na maioría dos libros.
- Representación de persoas xordas a través do pai de Kalinda.
- Representación de familias non tradicionais. A familia da protagonista sofre unha reconfiguración: pasa dunha familia tradicional a unha monoparental e, finalmente, a contar con dous núcleos familiares.
- A través da carta de Kalinda podería dicirse que se percibe o amor romántico mais tradicional. Mais a protagonista non responde con urxencia como se esperaríase, senón que se toma o seu tempo para facelo.

PUNTOS A CUESTIONAR-COMPENSAR

- O pai está pasando unha especie de duelo pola perda da esposa e descoida aspectos da educación da filla. Escenas algo violentas verbalmente e omisión de información importante pola súa parte.
- Amor romántico. A carta que lle envía Kalinda cae en certos estereotipos que poden chegar a ser nocivos.
- En ocasións a protagonista cae nos propios prexuízos que critica.
- Hai unha desconexión case total entre as familias e os centros educativos.
- A directora tarda moito tempo en tomar partido e o fai por interese individual. Ademais, non trata de modificar o contexto para que sexa respectuoso coa protagonista da historia, senón que simplemente a aparta ofrecéndolle un espazo seguro nuns tempos determinados.

APUNTAMENTOS PARA TRABALLAR NA AULA:

Este libro é a forma perfecta de incluír unha perspectiva interseccional na aula. Pódese falar de feministas racializadas e/ou LGBTQ+, algunhas das cales abordan o tema da saúde mental na súa produción, como Gloria Anzaldúa, bell hooks, Angela Davis, Silvia Agüero, Chela Sandoval, Kate Millet ou, indo cara Galicia, Laura Bugalho, Daniela Ferrández, Xácia Ceive ou Aranza Vicens.

Ademais este libro outorga a oportunidade de traballar o tema da violencia na aula. Na propia mesa de debate na que se analizou este libro apareceron diferentes posturas. Algunhas persoas catalogaban unha acción violenta da protagonista, que habitaba un entorno terriblemente hostil, como autodefensa; mentres outras persoas consideraban que estaba respondendo á violencia con máis violencia e esa era unha idea que non se lle debía transmitir ás crianzas. Levar o tema á clase para debater podería outorgar a posibilidade de establecer matices e de que as propias crianzas tiveran espazos nos que reflexionar sobre as violencias que sofren ou exercen.

OUTROS MATERIAIS XUNTO COS QUE SE PODERÍA TRABALLAR:

Este libro podería dar pe a introducir asuntos na aula que, pola invisibilización histórica que sofren son absolutamente descoñecidos para as crianzas. Así, podemos visibilizar referentes a través das mulleres racializadas que aparecen en libros como “Mujeres negras en la ciencia” ou con “Mujeres negras en la filosofía”, que sairá publicado pronto.

POSIBLES ACTIVIDADES:

- Analizar na carta de Kalinda o amor romántico reescribir unha carta que diga algo similar pero se afasta de determinados estereotipos. Poderíanse facer tamén talleres de autoestima e educación emocional, vínculos e coitados, mitos do amor romántico ou modelos relacionais.
- Contactando do libro (adaptado) aos primeiros cursos de primaria.
- Pode empregarse de maneira introductoria para abordar temas complexos como poden ser a depresión, a ansiedade, o estrés, a morte, o abandono ou as ideas suicidas.
- Facer un debate sobre que é o que as move? Cales son as súas motivacións e intereses?
- Realizar un xogo de roles sobre o acoso coa intención de facer que as crianzas sexan conscientes do seu rol de testemuñas e se impliquen para evitar dinámicas de acoso.
- Adaptación ao teatro.
- Os seis sombreiros: Cada sombreiro terá unha etiqueta co nome dunha protagonista. As crianzas terán que ir dicindo como actuaría a persoa do seu sombreiro en diferentes situación e por que o faría así.
- Liña onde as crianzas coloquen situacións que lle xeren malestar e as clasifiquen mediante cores.
- Facer collage con imaxes, anacos de cancións, telas de cores ou recortes de periódico que representen para elas diferentes sentimentos.
- Utilizar a figura de Nina Simone e as súas cancións para falar de racismo e antirracismo. É importante traballar a importancia das interseccións.
- Traer a aula persoas que traballen temas relacionadas coa saúde mental, a LGBTIfobia, o feminismo, racismo, o colonialismo, etc. O ideal sería que o fixeran desde un enfoque interseccional.
- Dinámica: Dividir a clase en dous grupos cunha liña no chan e que se miren fronte a fronte. Ir dicindo diferentes situacións que aparezan no libro, cada quen deberá pisar a liña se pensa que esa escena está ben ou afastarse se cree que está mal. Pódese empezar con cousas pouco polémicas para logo ir mergullando en diferentes temas e fomentar o debate na aula.
- Dividir a clase en grupos e distribuír temas/referentes para que poidan investigar sobre elas e transmitir a información ao resto da clase a través dunha presentación.
- Investigar sobre o Premio Literario Lambda e os Stonewall Awards. A raíz diso falar das revoltas de Stonewall e a historia do movementoLGBT+
- Entrar na web da editorial, Kakaobooks, para investigar as súas propostas. De que credes que vai cada libro? Inventar posibles historias.
- Debuxar e ilustrar o libro. Pasalo a formato cómic.

Consellos a ter en conta na selección de materiais

Este apartado foi creado coa intención de recoller unha serie de consellos e indicacións a ter en conta na selección de novos materiais. Foi redactado partindo, entre outras cousas, de información extraída das mesas de debate e de conversacións posteriores entre dúas das persoas que participaron en todas elas e unha das bibliotecarias da facultade de CC. da Educación, que participou activamente neste proxecto.

Actualmente, debido a diversidade de formatos, editoriais e incluso o propio volume de publicacións pode chegar a ser complicado seleccionar que material podería ser un bo punto de partida nas nosas aulas e fogares. Despois das distintas reunións que tivemos atopamos algúns puntos común que poden ser interesantes á hora de seleccionar os diferentes recursos, facilitando así a labor docente.

É importante recordar que o feito de que un conto non cumpra os requisitos que aquí se mencionan non significa necesariamente que non poida ser empregado na aula, moitos dos analizados na guía non o fan; é moi difícil encontrar “contos perfectos”. O que si significa é que deberemos ter coidado con eses asuntos na aula e buscar a maneira de abordalos para evitar reproducir, desde a autoridade docente, discursos discriminatorios ou potencialmente discriminatorios ás crianzas.

Así, esta sección divídese á súa vez en dous apartados, centrados na calidade literaria e no discurso, coa intención de converterse nunha ferramenta o suficientemente exhaustiva como para servir de axuda ao persoal docente ou a calquera outra persoa que poida empregala.

Aspectos a ter en conta en relación coa calidade literaria

- É preciso ter en conta que para que un libro sexa axeitado non ter que estar publicado por unha editorial recoñecida, cunha autoría de referencia ou formar parte dun xénero literario identificable. A día de hoxe hai unha tendencia cada vez maior á inespecificidade da arte, un libro pode perder a forma e ser un libro, ou non, ser calquera outro arte-facto que teña esa función literaria ou narrativa, chegando incluso a narrar unicamente a través de imaxes. Ademais, hai moitas editoriais e autoras novas, alternativas, que poñen moito coidado nas edicións sen chegar moitas veces a ser recoñecidas.
- Os varios elementos (portada, encadernación, tradución...) móstranse coherentes, atractivos e adecuados para o público infantil/xuvenil a quen se dirixe
